



ELECCIÓN  
SINDICAIS 2022  
1 DECEMBER




**Coa  
túa forza**  
Ensino público galego  
Profesorado con dereitos



# **PROGRAMA ELECTORAL**

Eleccións Sindicais 2022



# PROGRAMA ELECTORAL

<b>1.- Reforzar o modelo sindical da CIG-Ensino para afianzar o protagonismo do profesorado</b>	<b>6</b>
Defender o público é defendérmonos como sociedade	7
O marco educativo: retórica, propaganda e continuísmo	8
Un modelo sindical diferente: sindicalismo transformador e alternativo	8
Un modelo sindical diferente, aberto e participativo	9
Un modelo sindical cunha longa traxectoria como referente entre o profesorado	9
<b>2.- Unha proposta sindical para un ensino público de referencia</b>	<b>11</b>
<b>3.- Propostas para gañarmos dereitos como docentes</b>	<b>13</b>
Xornada lectiva e laboral do profesorado	13
Retribucións	14
Mobilidade	15
Profesorado interino e substituto, creación de emprego estable	16
Saúde laboral	18
As políticas sociais e de conciliación da vida familiar e laboral	19
Formación do profesorado	20
Protección do profesorado e responsabilidade civil	21
Xubilacións	22
<b>4.- Propostas para mellorar o ensino público</b>	<b>23</b>
Principios básicos	23
Atención á diversidade: alumnado con necesidade específica de apoio educativo	24
Orientación escolar	25

Xestión democrática dos centros educativos	25
Gratuidade do material educativo	26
Comedores escolares	26
Transporte escolar	27
Actividades extraescolares e complementarias	27
Bibliotecas escolares	28
A educación para un mundo dixital	28
<b>5.- A alternativa sindical na defensa dun ensino público galeguizador</b>	<b>30</b>
<b>6.- Un sindicato feminista que reforce a igualdade e a diversidade na loita contra o machismo</b>	<b>32</b>
<b>7.- Unha visión sindical global da educación que non deixe ningúénatrás</b>	<b>35</b>
Propostas xerais para todos os niveis educativos	35
A defensa da escola rural	36
Infantil e Primaria	36
ESO e Bacharelato	37
Formación Profesional	38
Ensinanzas Artísticas	40
Escolas Oficiais de Idiomas	41
Educación Permanente de persoas adultas	42

# 1

## Reforzar o modelo sindical da CIG-Ensino para afianzar o protagonismo do profesorado

Sen sindicato non hai organización mais sen profesorado non hai sindicato. O modelo sindical da CIG-Ensino está construído sobre o este recoñecemento do papel colectivo e común da clase traballadora en xeral e do profesorado en particular no que se refire ao ensino público. Partimos da consideración do persoal docente como o elemento central na definición do que debe ser unha organización sindical, da defensa dos nosos dereitos laborais, da nosa profesión e do futuro do ensino público como un servizo á sociedade á que nos debemos. Así, cunha relación directa, sen suplantar a voz que nos dá forza, fixamos os nosos principios e executamos a acción sindical.

Como docentes, estamos condicionados pola realidade que nos rodea, a nivel persoal e profesional. O ensino público no que traballamos e no que cremos está marcado polas condicións políticas e sociais nas que desenvolvemos o noso traballo. Debemos ser conscientes do marco político e social no que nos movemos á hora de fixarmos propostas e alternativas como traballadoras e traballadores que somos. Así é como o fai a CIG-Ensino, asumindo que o persoal docente debe ser o protagonista do sistema educativo.

A CIG-Ensino concorre ás eleccións sindicais no ensino público deste ano 2022 cun programa electoral que par-

te dunha análise rigorosa do marco educativo, político, socioeconómico e laboral no que estamos, da realidade destes últimos anos e dos principios e obxectivos que nos fixamos para mantermos a defensa inquebrantábel do profesorado e do ensino público galego e en galego que desde sempre nos caracterizou.

O noso programa nace do balance do traballo previo, da corrección de errores e do reforzo de acertos, adaptando necesariamente ás novas circunstancias toda a nosa experiencia e o noso modelo sindical, que non pode considerarse como algo inmutábel, como tampouco o é o profesorado e o ensino público que defendemos.

A CIG-Ensino editou para estas eleccións sindicais un programa extractado e resumido que se reparte masivamente en todos os centros educativos. Nel figuran os principais temas e obxectivos a salientar, deixando para este formato dixital a edición completa do programa co que concorremos a unhas eleccións nas que aspiramos a revalidar o noso papel central e referencial entre o profesorado galego do ensino público. Este programa é un compromiso e unha referencia básica e fundamental que vai orientar todas as decisións que tomemos nos próximos catro anos.

## Defender o público é defendérmonos como sociedade

O encadeamento desde o ano 2008 das crises económica, financeira, sanitaria, enerxética ou xeopolítica, todas elas cunha enorme repercusión social, confirmouse como unha tormenta perfecta para que a estratexia de desmantelamento dos servizos públicos e o afán privatizador do capital actúe con maior crueza, se cabe, a como viña a actuar nas décadas anteriores.

Neste marco tanto os servizos públicos como quen traballamos neles, así como as persoas pensionistas e xubiladas, somos albo dos intereses de quen moven os fíos do poder económico, coa redución do peso do público en favor dos intereses privados ou o empeoramento das condicións de traballo dos e das empregadas públicas. Tamén asistimos a reformas lexislativas laborais e das pensións que provocaron fortes retrocesos ou que non se atreveron a reverter os dereitos arrebatados. A estratexia do deterioro do público acompañaase coa táctica do mal menor: quen ten unha situación estable, ben sexa funcionariado ou pensionistas, deben soportar nas súas costas o peso dos sacrificios e mesmo sentir unha certa satisfacción por limitarse a perder poder adquisitivo e non o posto de traballo ou formar parte desa pobreza laboral estrutural asentada xa firmemente na nosa sociedade.

Combater o discurso privatizador dos servizos públicos ou das pensións é fortalecer unha unidade de acción de clase, a de quen temos no noso traballo a única forza, a de quen

concibimos unha sociedade igualitaria. Como docentes debemos ser conscientes do papel importante que podemos xogar na formación dunha cidadanía crítica e solidaria, comenzando con nós propios como colectivo. Como sindicato, correspónenos mobilizar. Reforzar a solidariedade e o sindicalismo transformador van da man para non se render diante do avance dos inimigos do público.

A etapa de Feijóo na Xunta, con Rueda agora cun marcado continuísmo, foi un claro exemplo da privatización do ensino público, co aumento das subvencións ás empresas privadas pola vía dos concertos educativos e polo peche de prazas escolares en todos os niveis que se viu reforzado neste último tramo pola autorización da creación da primeira universidade privada do país. Este feito, xunto co aumento da oferta privada de ciclos formativos de FP, amosa con claridade onde está o negocio e como o PP sabe tratar ás empresas amigas, mentres os fondos destinados ao ensino público se reduciron, especialmente polos recortes de profesorado e a ausencia de políticas de expansión da rede pública.

A situación do ensino público, a sanidade, os servizos sociais, o sistema público de pensións e o reparto das rendas do traballo son os principais indicadores do grao de equidade dunha sociedade. Cada paso que se dea na dirección de restrinxir os nosos dereitos, de limitar a nosa capacidade de decisión e de xestión democrática, de favorecer as empresas privadas permitindo o deterioro da rede pública ou a súa propia desaparición (como acontece no ámbito rural),

obedece a unha planificación perfectamente deseñada: debilitar o papel central que a o sector público debe ter como garante da igualdade.

### O marco educativo: retórica, propaganda e continuísmo

Logo dunha loita social contra a LOMCE extensa, continua da e contundente que no caso de Galiza contou co protagonismo da CIG-Ensino no campo sindical, a chegada dun novo goberno estatal de orientación progresista e pretendidamente á esquerda de proxectos anteriores deixou neses anos unha sensación de *dejà vu*: a LOMLOE non implica un paso adiante decidido, nin na eliminación dos privilexios da igrexa católica, coa rede máis ampla de centros escolares concertados, nin da confesionalidade dentro das aulas. O mantemento dun acordo preconstitucional como é o concordato co Vaticano implica que, aínda que a materia de relixión perde de novo o peso que o PP lle asignou, aínda se mantén como oferta obligatoria nos centros.

A LOMLOE, como nova referencia legal para o sistema educativo, evidencia as limitacións do marco político español para promover melloras relevantes. É unha lei cunha orientación pedagógica claramente mellor que a anterior mais fica na retórica da declaración de principios sen articular canles para levar adiante o que afirma defender: nin a escola rural nin a atención á diversidade, entre outras, van beneficiarse das declaracíons de intencións. Fialo todo a mudar conceptos tan reaccionarios e tecnocráticos como os estándares de aprendizaxe pola aprendizaxe por compe-

tencias é non entender que os cambios ou son estruturais ou só provocan frustración e escepticismo. Cando non existe un plan económico para incrementar o investimento na educación pública até acadar porcentaxes que nos coloquen perto do 7% do PIB, o que aparece no papel non se traslada á realidade. O profesorado vén sendo testemuña principal de toda unha sopa de siglas de leis educativas que, *mutatis mutandi*, amosa unha liña de continuísmo desde hai tres décadas con leis que limitan a nosa capacidade para dotámonos de normas legais propias para deseñar o sistema educativo galego e impide un marco de negociación galego para regular a profesión docente.

Na Galiza, un PP instalado na loita partidaria e nunha concepción conservadora da educación remou todo o tempo en sentido contrario. Por veces, por convición ideolóxica: nunca tería aceptado eliminar o papel académico a todos os niveis da relixión ou mudar a participación da administración na selección dos e das directoras. Noutras ocasións, a oposición da Xunta tamén formaba parte da retórica, neste caso da partidista de confrontación con todo o proposto por un goberno doutra cor política.

### Un modelo sindical diferente: sindicalismo transformador e alternativo

A CIG-Ensino, como organización sindical, é plenamente consciente dos límites que fixa o actual marco lexislativo do Estado español. Iso non implica que nos resistamos a actuar dentro dese marco sen poñelo en cuestión. Todo o

contrario. As nosas actuacións e o modelo de acción sindical da CIG-Ensino van na liña de superar esas limitacións, cun sistema educativo de noso e ao servizo das persoas que formamos este país, no camiño da plena soberanía política que como nación precisamos. Por iso acreditamos na capacidade do profesorado galego de valerse por si, sen inxerencias nin tutelas; por iso cremos na nosa autoorganización, da que a CIG-Ensino foi sempre unha clara expresión e unha útil ferramenta. Un sindicato construído entre todas e todos, que non admite custodias.

#### **Un modelo sindical diferente, aberto e participativo**

O noso modelo sindical aséntase na participación do profesorado e na acción, mobilización e negociación para avanzarmos cara á consecución dos nosos obxectivos. Somos a outra cara do sindicalismo entregado aos intereses do sistema, pactista e avalista das medidas tomadas polos gobernos, co centro de decisión afastado do profesorado e actuando ás costas deste. Non acreditamos igualmente no sindicalismo de cartón e consigna populista que busca, co envoltorio da mentira cómoda, o beneficio duns poucos.

O noso modelo susténtase na defensa do profesorado galego e do ensino público galego e en galego. Non aceptamos que desde fóra condicionen as nosas decisións, que pensen e decidan por nós. De aí que o modelo sindical pete de cheo cos restantes sindicatos actuantes en Galiza, actores secundarios dun modelo de franquía no que Madrid é o centro de poder e de toma de decisións. As nosas propos-

tas decídense no país e só nos debemos ao profesorado galego. Se isto foi unha constante durante moito tempo, nestes últimos catro reforzouse a evidencia. O sindicalismo de matriz española actuante en Galiza non foi quen de manter propostas propias en temas centrais (a aplicación da LOMLOE, os procesos de estabilización, a integración do PTFP, etc) limitándose en moitas ocasións a seren meros gabinetes de tradución ao galego do que lles escriben en Madrid. Tamén houbo quen importou discursos e propostas creadas desde fóra en temas como a estabilización do persoal interino que non gardan relación coa propia realidade galega ou quen fixo propostas absolutamente afastadas dos problemas e das casuísticas do persoal temporal.

Evidenciouse, por tanto, que non hai mellor alternativa que aquela que, partindo da base e do contacto real co profesorado e os centros educativos, permite esa canle de participación para que as propias propostas e achegas do persoal afectado marquen a liña de actuación dun sindicalismo comprometido e transformador como o que representa a CIG-Ensino.

#### **Un modelo sindical cunha longa traxectoria como referente entre o profesorado**

O apoio maioritario á CIG-Ensino en todas as eleccións sindicais foi e é o mellor aval do profesorado ao noso traballo e ao modelo sindical alternativo a outras expresións caducas e pactistas, un modelo sindical transformador de clase e galego. Un aval que non só se expresa nas citas electorais

senón que se acompaña cunha forte implantación afiliativa e cun importante respaldo ás numerosas campañas e propostas lanzadas desde o sindicato. Ese apoio é o que nos permite camiñar co profesorado na firme defensa dos nosos dereitos.

Como sindicato levamos nestes últimos catro anos, como en etapas anteriores, a voz do profesorado ás rúas e ás mesas de negociación. Agora **chamamos á participación do profesorado para transformar novamente esa voz en forza, votando nestas eleccións sindicais o modelo sindical que representa a CIG-Ensino**.

A forza da CIG-Ensino segue sendo necesaria. Seguimos en tempo de defensa fronte aos recortes, xa que estes foron impostos desde o poder con vontade de permanencia e non podemos permitir a súa consolidación. Formamos parte dos colectivos máis afectados pola perda do poder adquisitivo e como sindicato non atendemos os cantes de serea do poder político para chegar a acordos vergoñentos en materia salarial que nos deixaron quedar como hoxe estamos, con máis do 17% de perda de poder adquisitivo desde 2010 e cuns sindicatos españois que se inventan agora lemas como «salario ou conflito» cando levan anos instalados no «pacto salarial como sexa».

No ano 2021 venceu o anterior acordo salarial docente a nivel galego. A submisión sindical de CCOO e UGT foi total no 2018 e hoxe pagamos seguir como estamos. Para colmo da desvergoña, a propia UGT ten publicado valoracións

críticas co nivel salarial dos e das docentes galegas cando foron e son parte do problema.

Na CIG-Ensino sentimos como unha obriga levar ás mesas de negociación o mandato do profesorado a quen representamos. Fixémolo sempre e así o faremos se o profesorado mantén a súa confianza no sindicalismo alternativo, democrático e transformador que construímos a diario.

Seguimos na defensa fronte á privatización do ensino público ou a súa desgaleguización mais precisamos reforzar a loita que nos leve á recuperación do que nos foi roubado. Para rescatar os nosos dereitos, para avanzar nas nosas demandas é condición fundamental que teñamos a capacidade de condicionar a política educativa en Galiza, reforzando a Mesa Sectorial e converténdoa nun verdadeiro marco galego de negociación, algo que só é posíbel se o profesorado achega más forza ao papel que a CIG-Ensino desempeña para condicionar positivamente as decisións da Consellaría.

O apoio que como CIG-Ensino recibamos nestas eleccións tamén permitirá que as demandas e propostas do profesorado galego estean presentes en ámbitos de negociación como a Mesa Sectorial de Educación do Estado, o Consello Escolar de Galiza, o Consello Escolar do Estado, o Consello Galego de Formación Profesional ou Consello Xeral de Formación Profesional do Estado, sen esquecer outros que como persoal funcionario tamén teñen unha destacada relevancia como as Mesas Xerais de Negociación para as e os empregados públicos.

# 2

## Unha proposta sindical para un ensino público de referencia

Como organización sindical, os principios nos que se asenta a CIG-Ensino, más aló da defensa dos dereitos laborais do profesorado, parten da defensa dun sistema educativo que teña o ensino público como elemento central e que parta das seguintes bases:

- **Un ensino galego:** desde a raíz das necesidades educativas do noso país, axeitado á nosa realidade social e cultural, que potencie a nosa identidade, co galego como única lingua vehicular e dirixido e controlado polas institucións educativas galegas.
- **Un ensino público:** cunha rede única de ensino público e descartando, por tanto, as subvencións e os concertos educativos co ensino privado, na convición de que o ensino público é a mellor garantía de escola plural e democrática.
- **Un ensino gratuíto:** o ensino como un servizo público e universal. Defendemos a súa gratuidade total, rexeitando a concepción da educación como un negocio.
- **Un ensino laico:** o estudo do feito relixioso considerámo-lo un tema cultural e histórico e ten o seu lugar no ámbito das Ciencias Sociais. A difusión da fe relixiosa non ten cabida nas institucións educativas e, en consecuencia, a relixión non pode formar parte do currículo

escolar. A non pode estar suxeita nin vinculada a idearios confesionais.

- **Un ensino democrático:** que forme o alumnado para participar activa, responsábel e criticamente na sociedade, e que consiga a plena integración de todas as persoas na vida social, cultural e profesional a través do respecto ás liberdades e dereitos humanos e no exercicio da liberdade.
- **Un ensino feminista, coeducativo, non sexista e inclusivo:** unha educación que garanta a igualdade entre homes e mulleres e que fomente a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, rompendo cos estereotipos sexistas e heteropatriarcais, o maltrato contra as mulleres ou a homofobia; un ensino que promova o respecto ás distintas opcións sexuais e aos dereitos LGTBIQ+ e que erradique a invisibilidade, o teito de cristal, os prejuízos de xénero e de identidade sexual e as actitudes machistas.
- **Un ensino que eduque para a defensa do medio ambiente,** incorporando no currículo escolar os contidos, obxectivos, métodos e técnicas necesarias para unha educación que promova a sensibilización medioambiental e a concienciación sobre o desenvolvemento sustentábel.

- **Un ensino que eduque para a paz** e que incorpore a necesidade de rematarmos co imperialismo, o belicismo, o militarismo, o racismo e o fascismo, a nuclearización e as ideas e as referencias persoais insolidarias e violentas.
- **Un ensino que eduque para a igualdade, a solidariedade e a xustiza social**, integrando os valores da igualdade e a solidariedade entre os pobos e entre as persoas, que loite por rematar con todo tipo de discriminación, coa fin de acadar maiores niveis de xustiza social e poder exercer plenamente os dereitos humanos individuais, colectivos e sociais. Un ensino en clave social e nacional que forme parte da loita común pola completa emancipación dos traballadores e traballadoras do mundo así como dos pobos que traballan pola súa liberación nacional e a súa soberanía.

# 3 Propostas para gañarmos dereitos como docentes

Son moitas as razóns polas que precisamos dun sindicato forte no noso país, mais faise imprescindíbel se pretendemos recuperar os dereitos arrebatados durante anos como docentes. Con ese propósito presentámonos a estas eleccións, coa confianza de que o modelo assembleario da CIG-Ensino, sempre da man do profesorado galego, é a única ferramenta útil para podermos continuar na defensa inequívoca da clase traballadora e por tanto, na mellora das condicións laborais do profesorado galego.

## Xornada lectiva e laboral do profesorado

A negociación, durante o curso 2007-2008, dun novo regulamento da xornada única non tivo o resultado que desde a CIG-Ensino viñamos propondo, xa que continúa estando condicionada polo transporte escolar, as porcentaxes necesarias para acollerse á xornada única continúan sendo excesivas e non se garanten os servizos complementarios. A CIG-Ensino segue exixindo o restablecemento da xornada reducida nos meses de xuño e setembro, eliminada como consecuencia do acordo dos outros sindicatos coa Consellaría.

É imprescindíbel a anulación de todas as normas que fixeron que o profesorado vise incrementado o seu horario

lectivo, tanto aumentando o número de períodos como a duración destes.

### *A CIG-Ensino defende*

- » Unha xornada laboral de 35 horas efectivas de traballo, cun máximo de 30 horas de presenza no centro. Queremos fixar un máximo de 18 períodos de 50 minutos ou o tempo equivalente nos niveis nos que a duración das clases sexan superiores. Neste camiño, a CIG-Ensino mantén o compromiso da recuperación dos 21 períodos lectivos para Infantil e Primaria acadados tras o acordo sindical asinado polo sindicato e que foi arrebatado polo goberno do PP na Xunta.
- » A derogación da Orde do 23 de xuño do 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente e que establece para o profesorado novas tarefas de custodia do alumnado que non lle corresponden.
- » A redución do horario lectivo e posibilidade de realizar actividades non docentes para o profesorado que, por motivos de saúde, vexa minguada a súa capacidade para a docencia.
- » A posibilidade de que o profesorado maior de 55 anos se poida acoller á redución do horario lectivo, sen diminución das súas retribucións.
- » O restablecemento da xornada única reducida en xuño e setembro que o profesorado galego gozou até o curso 2006-2007.
- » Unha nova regulamentación para a xornada única que facilite as actividades complementarias a todo o alumnado. No referente á

- participación dos pais e nais, fixar o requisito da participación do 50% do censo e, sobre esta, os dous terzos do voto afirmativo. A opción de xornada única non pode comportar a desaparición do servizo de comedor nin pode estar condicionada polo transporte escolar.
- » A Consellería de Educación dotará persoal para custodiar o alumnado nas agardas, desde a chegada do transporte escolar até o inicio das clases e desde o remate até a saída do transporte.

### Retribucións

O profesorado galego padeceu unha agresiva e continua redución salarial nos últimos anos, incluída unha parte importante das pagas extras, que seguen aínda hoxe incompletas, ao que hai que sumar as importantes perdas do poder adquisitivo (**mais do 17% desde o 2010**) como consecuencia dos pactos acordados polas organizacións sindicais españolas, que nin sequera garantían a suba dos salarios igual ao IPC previsto. Acordos como o que asinaron CCOO, UGT e CSIF no ano 2018, supuxeron un novo ataque ao persoal do sector público xa que por vez primeira os nosos salarios se desvincularon da carestía da vida, ao tomarse como referencia a evolución da economía global española. Isto supuxo un precedente pernicioso, pois o PIB só reflicte o incremento do valor monetario dos bens e servizos, desligándose da evolución dos prezos do noso consumo diario e sen establecer antes criterios de reparto igualitario de ditos beneficios. É impresentábel que se asinen acordos co goberno do estado de costas ao profesorado galego, que supoñen tan graves ataques á clase traballadora, aos servizos públicos e nomeadamente ao

ensino público galego. Acordos que non beneficián o profesorado, ao contrario, xa que dan por válidos os recortes perpetrados sen asumir ningún calendario de recuperación dos salarios perdidos nestes anos. Asinalos únicamente é entendíbel polos pingües beneficios do posterior acordo de formación, que reportou 5 millóns de euros anuais das traballadoras e traballadores públicos para cursos internos desas organizacións sindicais. A negociación retributiva para o persoal docente do 2018 non foi nin máis nin menos que un novo capítulo nesa submisión lamentábel á que nos teñen acostumados sindicatos que, teñan maioría (Madrid) ou estean en minoría (Galiza), sempre reproducen o papel de colaboradores necesarios con quen provocaron desde os gobernos as peores agresións ao profesorado.

### A CIG-Ensino defende

- » A restitución dos nosos salarios e das pagas extras completas.
- » O establecemento dun plan anual que recupere a perda de poder adquisitivo dos últimos anos, coa devolución do arrebatado pola Xunta as pagas extras de 2013 a 2016.
- » O dereito á cláusula de revisión salarial para que os nosos salarios non continúen perdendo poder adquisitivo e asegure, como mínimo, a suba do IPC real, eliminando a vinculación das nosas retribucións do PIB.
- » A negociación dun acordo retributivo no ensino público galego que supere os límites impostos na negociación salarial do ano 2018 e responda fielmente á necesidade de mellorar as nosas retribucións e valorar a profesión docente.
- » Integrar a todo o profesorado no grupo funcional A1, no camiño de constituír o Corpo Único Docente. Mantemos o obxectivo histórico da

- CIG-Ensino de que todo o profesorado debe formar parte dun corpo único docente dentro do grupo funcional de maior grao (A1). O actual profesorado do corpo de mestres, de mestres de taller de artes plásticas e o profesorado de FP que non se integre no corpo de PES debe ter dereito a integrarse no grupo A1, partindo do principio de que a igual traballo corresponde un mesmo recoñecemento profesional.
- » Garantir unha verdadeira carreira profesional horizontal na que todo o profesorado teña dereito a mellorar na súa carreira e condicións retributivas sen necesidade de cambiar de corpo ou etapa educativa. Todo docente poderá acadar o máximo recoñecemento profesional, académico e retributivo na etapa educativa na que traballa. Neste sentido, o nivel de complemento de destino de inicio nos corpos de secundaria e réxime especial debe ser o 26 e o 24 no corpo de mestres.
  - » Como paso inmediato, a retribución do complemento equivalente ao nivel 24 a todo o profesorado que imparte en secundaria, incluíndo a especialistas de PT e AL e aquel profesorado do corpo de mestres que imparte materias da ESO a persoas adultas, nos programas PROA ou na atención hospitalaria.
  - » A percepción do 100% das retribucións derivadas de subas salariais ou do cumprimento de trienios ou sexenios desde o primeiro día, no caso de atoparse de baixa médica por incapacidade temporal.
  - » O derecho do profesorado substituto a cobrar os meses de verán con cinco meses de traballo no curso escolar.
  - » O derecho do profesorado que substitúe a titulares con cargos a percibir a retribución dos complementos correspondentes e ao recoñecemento administrativo para todos os efectos.
  - » A percepción do complemento de adultos a todo o profesorado que imparta docencia nesta modalidade, con independencia de que se faga nun centro específico de EPAPU ou non.
- » O restablecemento do acordo subscrito pola CIG para que se destine o 1% da masa salarial do capítulo dos orzamentos da Xunta de Galiza ao Fondo de Acción Social, recuperando as axudas por crianzas, estudos, etc.
  - » Incrementar as compensacións económicas das prestacións de MUFACE.
  - » Percepción de axudas de custo para os desprazamentos de todo o persoal docente, e actualización das contías para o profesorado itinerante que xa percibe estas axudas en relación a situación económica actual derivada da suba de prezos e nomeadamente dos combustibles.

### Mobilidade

As ataduras e limitacións de formarmos parte de corpos docentes de carácter estatal, froito da concepción centralista das relacóns laborais que se impuxo no sector público durante a transición, co decidido apoio dos sindicatos de obediencia española, provoca serios problemas e fortes limitacións á hora de podermos contar cunha mobilidade pensada por e para o profesorado galego e nos propios intereses da ensino público do país.

### A CIG-Ensino defende

- » A superación do modelo centralizador dos corpos docentes, situando no ámbito galego toda a negociación dos corpos docentes e a súa mobilidade.
- » Nese camiño, limitar o actual Real Decreto de concurso de traslados a unha norma que conteña o menor número posible de criterios básicos

- para todo o Estado, co obxecto de que todas as administracións educativas teñan as máximas competencias para lexislar neste tema.
- » A modificación legal correspondente para retirar a exixencia de permanecer dous anos no primeiro destino para poder concursar.
  - » Que todos os postos e/ou unidades que sexan docentes e permanentes, como norma xeral, se cubran definitivamente por concurso ordinario ou específico.
  - » Eliminación ou redución substancial da meritocracia nos concursos de trasladados, suprimindo a puntuación por servizos na administración se non son de docencia.
  - » A modificación da normativa básica para o concurso de trasladados que debe ter como base fundamental a antigüidade no centro e os servizos prestados.
  - » Que a situación de provisionalidade, como norma xeral, non supere os dous anos. Nos casos nos que se supere, o profesorado que se manteña nesa situación terá os mesmos dereitos de puntuación que o profesorado definitivo.
  - » Que o profesorado suprimido ou desprazado de calquera corpo docente teña dereito a unha praza no centro de orixe ou localidade, mentres non acade destino definitivo e sempre que exerza o derecho preferente, eliminando a zona educativa no corpo de mestres.
  - » A supresión da obligatoriedade de impartir materias afíns sen ningunha mingua nas retribucións.
  - » No caso de existir, as prazas bilingües das seccións bilingües e dos centros plurilingües non serán ofertadas como tales no CXT e serán cubertas por profesorado do propio centro, coa formación e titulación requirida, evitando que o perfil bilingüe das prazas produza distorsións nas adxudicacións de destinos definitivos.
  - » O desempeño de cargos directivos ou outras funcións seranlle recoñecidas en iguais condicións ao profesorado substitúa o titular no

desempeño das súas funcións, independentemente da súa situación administrativa.

- » Mellorar o actual sistema de promoción interna, facilitando os accesos a corpos superiores mentres exista esta clasificación (A2-A1), do mesmo nivel (A1-A1) así como o cambio de especialidades, potenciando a carreira profesional do profesorado que opta por cambiar de etapa educativa ou de especialidade.

#### Profesorado interino e substituto, creación de emprego estábel

Os últimos anos estiveron caracterizados polo continuísmo nas políticas ao respecto do persoal interino, tanto a nivel estatal como galego. En Madrid subscribiríronse acordos, asinados polos sindicatos estatais habituais, que implicaron virar as costas á realidade dun profesorado para o cal, despois dunha longa experiencia nalgúns casos, non se lle abrían posibilidades de consolidación no posto de traballo. A CIG-Ensino defendeu en todas as modificacións legais unha vía de acceso diferenciado na que, partindo dunha proposta realista e totalmente legal, se buscase combinar as expectativas dos diferentes intereses: profesorado interino de longa duración, aquel que leva menos anos traballando e, tamén, de quen non ten case experiencia ou non a ten en absoluto.

Desde a perspectiva dun sindicato de clase é inadmisible que se manteña a inestabilidade e a precariedade laboral dunha parte importante do profesorado. Por este motivo, para a CIG-Ensino, a estabilidade laboral é unha demanda

da básica, polo que seguiremos exixindo da Consellaría un acordo de estabilidade que contribúa á calidade do ensino e a garantir o emprego dos e das traballadoras do ensino público. Reclamamos a supresión definitiva da taxa de reposición que permita negociar ofertas amplas de emprego acordes ás necesidades reais do ensino público do noso país, que contribúan a crear emprego estable e a recuperar os recortes de persoal dos últimos anos, baixo un sistema diferenciado de ingreso e acceso, non restrinxido para salvar os límites xudiciais, que implicaba unha dobre vía na que, simultaneamente, se puidese presentar quien tivese nos méritos da súa experiencia o principal valor nun proceso selectivo e quien, por outra parte, contase con máis posibilidades cun proceso con maior peso da fase de oposición. Unha vía que, con carácter excepcional, buscarse dar resposta a unha taxa de interinidade, menor á media estatal, mais ainda por riba do mínimo estrutural necesario.

#### *A CIG-Ensino defende*

- » A apertura de negociacións para acadar un acordo de estabilidade para todo o profesorado interino, incorporando unha cláusula de estabilidade ao actual sistema de listas. Nel preverase a estabilidade até a xubilación para o profesorado que cumpra uns requisitos de idade avanzada e cunha longa traxectoria como persoal temporal na Consellaría de educación.
- » Restitución do contrato de verán para o profesorado con 5 meses e medio traballados, a ampliación do contrato máis alá do 30 de xuño nos casos nos que non se incorpore o titular ou a reserva de posto de traballo das mulleres en IT por motivos derivados do embarazo.
- » Os mesmos dereitos laborais para o funcionariado de carreira e o profesorado interino e substituto: formación, pago inmediato dos salarios,dereito a percibir axudas do fondo de acción social, participación en programas e concursos específicos, non discriminación na orde de prelación para a concesión de licenzas por estudio e PIALE, entre outros.
- » Regular unha normativa galega propia para o ingreso e acceso á función pública docente, sen depender da normativa estatal.
- » Convocatoria de ofertas amplas de emprego no ensino para dar resposta ás necesidades dos centros e para rematar coa precariedade e temporalidade do profesorado.
- » Eliminar a TAXA de reposición, superando os límites actuais pactados polos sindicatos estatais e ofertar non só as prazas de xubilación senón todas as que o sistema educativo precisa, aumentando cadros de persoal con amplas ofertas de emprego público que se convoquen anualmente en todas as especialidades nas que haxa necesidades.
- » Determinar legalmente que se considera como prazas estruturais e vacantes, coa obriga legal de ofertar todas as prazas destas características nun período non superior a dous cursos logo da súa dotación.
- » A implementación dun sistema de acceso ordinario de concurso oposición que corrixa os errores actuais, con probas nas que se garanta o anonimato, que reforce a avaliación das capacidades pedagóxicas, que regule a existencia de probas non eliminatorias dentro de cada fase e na que sexa efectiva e real a valoración e ponderación das fases de oposición e concurso.
- » Un sistema extraordinario de ingreso que tería que aplicarse, como parte dun mecanismo sancionador, cando a administración supere a taxa de interinidade mínima estrutural (aquele profesorado interino que ocupa prazas con reserva de posto de traballo ou para as funcións

que expresamente se regulasen nunha normativa transparente e de obrigado cumprimento). Este sistema extraordinario sería de dobre vía para ofertar de xeito simultáneo e diferente as prazas de reposición -primando a fase de oposición- das de estabilización -primando a fase de concurso-.

### Saúde laboral

É evidente que a saúde laboral e a prevención de riscos non son una preocupación para a Consellaría. Nin a obvia obliga de cumplir a lexislación vixente nin as demandas que se fan por parte da CIG son estímulo suficiente para que a Administración cumpra co seu cometido. As reiteradas demandas en temas tan importantes como o gas radón, o amianto, a avaliación de riscos nos centros, a atención a saúde do profesorado galego e a saúde mental en particular, a mellora nos recoñecementos médicos e a súa realización na sanidade pública son obviadas por un goberno despreocupado e temerario tamén neste eido.

### A CIG-Ensino defende

- » Recoñecemento médico anual para todo o profesorado na sanidade pública, descentralizado, con revisións más completas e especial atención á perspectiva de xénero, e con cobertura económica dos desprazamentos.
- » Ampliación e mellora dos recoñecementos médicos, incluíndo consulta psicolóxica e engadindo estudos específicos en sectores ou ámbitos que requiran algún tipo de proba diferenciada.

- » Elaboración dun informe anual en que se dea conta das avaliacións realizadas e se sinteticen as doenzas más habituais entre o profesorado.
- » A elaboración dun plan de prevención de riscos para o sector docente.
- » A elaboración dun cadro de enfermedades profesionais do profesorado e o recoñecemento destas a todos os efectos legais.
- » Elaboración dunha normativa que estableza a posibilidade de desenvolver unha xornada laboral que implique unha redución da xornada lectiva ou exención da mesma para aquel profesorado que, por razóns de saúde, se vexa imposibilitado para iso, sen minguar das súas retribucións.
- » A negociación dun novo acordo sobre dereitos de participación en materia de prevención de riscos laborais que recolla unha dotación de delegados e delegadas de prevención, acorde coa realidade do sector, comarcalizando a representación.
- » Avaliación de riscos de postos de traballo dependentes da Consellaría, facéndoa extensiva á avaliación de riscos dos centros de traballo, avaliacións ergonómicas, psicosociais, hixiénicas, de luz e ruído, temperatura, etc.
- » Que se poña fin á situación de incumprimento das normas específicas en materia de protección da seguridade e saúde das traballadoras durante os períodos de embarazo e lactación, axilizando a posta en marcha do protocolo teoricamente establecido ao respecto e esclarecendo cales son os criterios utilizados para resolver as certificacións médicas nos distintos postos de traballo no caso de risco durante o embarazo e lactación, trasladando esta información á representación das traballadoras e traballadores en materia de prevención de riscos. As ditas certificacións médicas terán que ser realizadas polo persoal do SERGAS. Ademais, se chegado o momento se dese a circunstancia

de ter que actualizar ou verificar a vixencia da avaliación de riscos dun posto de traballo, esa verificación debe realizarse nun prazo que non se debe prolongar máis alá de sete días naturais, propiciando así que o prazo máximo para resolver o expediente sexa inferior ao legalmente establecido de 30 días, desde a entrada da solicitude da traballadora no rexistro.

- » A actualización dos plans de emerxencia en todos os centros.
- » A elaboración dos protocolos de actuación ante caso de *mobbing*, *burn-out*, etc.
- » A dotación dos servizos de prevención comarcais e dotación de técnicos.
- » A elaboración de forma urgente dun inventario dos centros educativos de Galiza nos que pode haber amianto para a súa progresiva eliminación, que será no menor tempo posíbel, iniciando os traballos de forma inmediata nos casos nos que ben polo tipo de material, ben polo estado no que se atope, ou polo fin da súa vida útil, resulten perigosos. Os traballos terán que axustarse á normativa vixente buscando a época máis idónea para facer a retirada en condicións, polo que os períodos non lectivos serán os indicados, alén dunha exhaustiva inspección da zona antes de que se volvan iniciar as actividades lectivas.
- » O inicio de forma urgente e inmediata da medición da presenza de gas Radón en todos os centros de ensino de Galiza, tomando as medidas cautelares pertinentes para a seguridade, tanto de traballadoras e traballadores como do alumnado.
- » A formación en materia de prevención de riscos e saúde laboral para todo o persoal.

## As políticas sociais e de conciliación da vida familiar e laboral

As melloras producidas nos últimos anos na ampliación dalgúns permisos, a tendencia a equiparar os relacionados cos coidados das crianzas así como as condicións para o goce doutros, supuxeron un avance, mais é preciso mellorar ainda moito nos nosos dereitos relacionados coa conciliación do noso traballo e as nosas responsabilidades familiares.

### A CIG-Ensino defende

- » A ampliación do número de días dos permisos retribuídos polo nacemento de fillas e fillos, morte, accidente, doença grave ou enfermidade de longa duración e hospitalización, incluíndo os casos de adopción e acollemento.
- » Ampliación do permiso por nacemento a 12 meses de duración coa igualación progresiva deste permiso para ambos proxenitores.
- » Equiparación para ambas persoas proxenitoras do permiso no caso de hospitalización da filla ou fillo neonato.
- » Mentre non se acade o obxectivo dun permiso por nacemento de 52 semanas, aumentar o permiso por lactación ou coidado dun fillo ou filla até as 16 semanas de acumulación.
- » O aumento das posibilidades de redución de xornada sen perda retributiva até os 3 anos.
- » Incrementar a duración do permiso debido a enfermidades de parentesco de 1º grao de consanguinidade, sendo no caso de enfermidades moi graves polo tempo necesario.

- » Reconecemento do exercicio do dereito dos deberes inescusábeis relacionados coa conciliación da vida laboral e familiar, garantindo a obriga legal de custodia de fillos e fillas menores e de ascendentes a cargo.
- » Todos os permisos deberán ser computados en días hábiles. No caso de comezar nun día inhábil, aqueles permisos que áinda non o teñen recoñecido comezarán a contar desde o primeiro día hábil ao feito causante.
- » Incorporar melloras nas reducións de xornada, aumentando a duración das retribuídas.
- » Modificación da normativa de excedencias no sector público para incorporar a excedencia para traballar como persoal interino noutro posto da administración educativa como excedencia por incompatibilidade e non por interese particular.

### Formación do profesorado

A formación do profesorado debe ser un piar do sistema educativo entendido como base sobre a que se asenta a mellora da educación e, en última instancia, da sociedade. Porén, a Consellería enténdea como unha estrutura centralizada e piramidal na que se dá escasa cabida ao profesorado máis que como mero receptor. Trátase dunha formación ao servizo da adquisición de coñecementos praticamente restrinxidos ás lingua estranxeiras e ás tic.

Consideramos que a formación debe ser entendida como un dereito e un medio que capacita para un óptimo desempeño da función docente. Tal como se ofrece neste momento desde a Consellería de Educación, o profesorado

enténdea como un trabalho a maiores, fóra de horario lectivo e como unha exixencia para acadar os emolumentos vencellados aos sexenios.

### A CIG-Ensino defende

- » A derogación do decreto que regula a actual formación do profesorado. Un novo decreto debe partir dos principios de horizontalidade e participación do profesorado e darlle protagonismo e capacidade organizativa aos centros de traballo.
- » A derogación da orde de homologación de actividades e a negociación dunha nova orde que considere que a formación do profesorado debe ser competencia exclusiva da Administración educativa, da universidade, das organizacións sindicais do ensino e dos movementos de renovación pedagóxica (MRP). Débese excluír o sistema de convenios con entidades alleas á educación coas que a Consellería chega a acordos para a homologación de actividades conforme a criterios internos e pouco transparentes. A nova orde non debería incluír a imposibilidade de formarse durante as incapacidades laborais transitorias, xa que determinadas baixas, como por exemplo as relacionadas coa inmobilidade eventual, permiten a formación a distancia.
- » A implantación dunhas liñas prioritarias de formación que contemplan o fomento da lingua galega. É necesario un plan de Normalización Lingüística que garanta non só que todo o profesorado teña os coñecementos necesarios para utilizar a lingua galega como vehicular nas súas aulas, senón tamén a consecución de actitudes positivas de cara a ela. Ambos aspectos son imprescindíbeis para a progresiva e necesaria normalización lingüística.
- » A elaboración dun plan de formación do profesorado coa participación das organizacións sindicais e os movementos de renovación

pedagóxica. Neste plan débense ter en conta aspectos cruciais da formación como a renovación pedagóxica e o incremento de contidos que incidan no coñecemento da nosa realidade nacional.

- » A non restrición de acceso ás actividades homologadas do profesorado titulado.
- » O dereito de todo o profesorado, independentemente da súa situación profesional ou administrativa, a acceder á formación permanente dentro do horario lectivo e de permanencia no centro.
- » A posibilidade de gozar o equivalente en horas a seis días lectivos cada curso escolar para asistir a actividades de formación dentro do horario lectivo.
- » O dereito a unha formación descentralizada, gratuita en todas as especialidades, áreas e materias, cos orzamentos, medios e recursos que sexan necesarios.
- » O dereito de todo o profesorado a ter unha licenza ao longo da súa vida laboral, totalmente pagada, para a realización de estudos ou de traballos de investigación que teñan incidencia real na mellora da calidade do ensino ou na súa galeguización. Isto non se corresponde co actual sistema de licenzas por formación, pensadas para satisfacer as necesidades da Administración e non do profesorado.
- » A oferta dun plan especial de licenzas por formación para aquel profesorado a extinguir do corpo de PTFP que queira acadar a titulación de grao antes de xaneiro de 2026 e poder así integrarse no corpo de PES.
- » A elaboración dun plan específico que permita e favoreza que o profesorado non universitario teña acceso a programas de investigación.
- » A cobertura de todas as vacantes nos CFR, mediante convocatoria pública anual.
- » O nomeamento da persoa responsable de formación en todos os centros educativos, cunha redución mínima horaria de 3 horas, que se

irá incrementando segundo o número de unidades e de alumnado e coa mesma consideración que unha xefatura de departamento.

### Protección do profesorado e responsabilidade civil

Desde hai anos vimos reclamando melloras na protección do profesorado por parte da Xunta como empregadora para poder contar coa seguridade de que, no desempeño do noso traballo, a Administración vai cumplir co papel que lle corresponde.

#### *A CIG-Ensino defende:*

- » A protección e asistencia letrada para o profesorado en casos de agresión, insultos, estafas, ameaza, aldraxe,inxuria, calumnia, difamación e, en xeral, ante calquera atentado contra a súa persoa ou os seus bens por razón do exercicio das súas funcións. A Consellaría concertará un sistema de cobertura que debe cubrir os accidentes acontecidos no desempeño do labor docente.
- » A Xunta de Galiza propiciará o desenvolvemento da lexislación e a regulamentación do procedemento en todos os temas relativos á responsabilidade civil do profesorado, a través do cal o profesorado afectado poida reclamar coa maior axilidade os danos producidos como consecuencia da actividade normal ou anormal dos servizos da Administración en xeral.
- » A Consellaría informará detalladamente aos centros de traballo e ao persoal docente afectado acerca dos trámites a seguir en caso de accidente ou dano.

## Xubilacións

A Administración suprimiu o dereito á xubilación anticipada gratificada, prevalecendo só a posibilidade de xubilación anticipada aos 60 anos con 30 de servizo para os docentes do réxime de clases pasivas. A CIG-Ensino batallou para asegurar e mellorar o sistema de xubilación anticipada, tendo en conta as características do sistema educativo, para facilitar a incorporación de novos docentes e crear emprego.

Hai hoxe dous grupos de funcionariado atendendo ao ano de ingreso nos corpos docentes: quen aprobou antes de 2011 pertencen ao réxime de Clases Pasivas e conservan a posibilidade da xubilación anticipada, mentres quen ingresou desde xaneiro dese ano, así como todo o persoal interino, pertencen ao Réxime Xeral da Seguridade Social, polo que no caso de poder optar no futuro por unha xubilación anticipada sufrirá un recorte enorme na súa pensión, alén de que a idade ordinaria de xubilación será de 67 anos froito do acordo que en 2011 asinaron CCOO e UGT co goberno do PSOE.

### *A CIG-Ensino defende*

- » O dereito indefinido do profesorado de poderse xubilar anticipadamente independentemente do réxime de cotización ou situación administrativa.
- » O dereito do profesorado que teña 60 anos de idade e 25 de servizo, ou ben 35 anos de servizo sen ter en conta a idade, a percibir grati-

ficacións por xubilación anticipada cunha prima de xubilación cuxa contía, sumada á pensión que reciba, será equivalente ás retribucións que percibiría de estar en activo até os 65 anos. As prazas que queden vacantes como consecuencia da xubilación anticipada non serán amortizadas e ofertaranse na seguinte oferta pública de emprego.

- » A mellora das actuais pensións para todo o profesorado, coa derrogación das reformas de 2011 e 2013, vinculando as pensións ao IPC e eliminando calquera outro factor corrector relacionado coa idade ou a evolución da economía.
- » O dereito a percibir o 100% do haber regulador con 30 anos de servizo, no horizonte de atinxir unha xubilación co 100% de todas as retribucións.

# 4 Propostas para mellorar o ensino público

## Principios básicos

- Unha Lei Galega de Educación que se fundamente na galeguización e no ensino público como garante da igualdade, equidade, pluralidade e xustiza social.
- Unha única rede de ensino pública, cunha oferta suficiente de prazas escolares, que dea cobertura ás necesidades de escolarización para todo o alumnado. Neste camiño, supresión das subvencións ao ensino privado, comezando coa eliminación inmediata dos concertos educativos nos centros que segregan alumnado por razón de xénero. Nunha década na que o descenso demográfico vai supoñer a inevitábel caída de matrícula, é imprescindíbel que se garanta o alumnado na rede de ensino pública.
- A escolarización obligatoria e gratuía para o alumnado de 3 a 18 anos (transporte, libros de texto, comedor, actividades complementarias e extraescolares).
- Unha oferta pública de postos escolares para todas as crianzas de 0 a 3 anos, tanto no medio urbano como no rural.
- Unhas ratios que permitan unha mellor atención ao alumnado e a mellora das condicións nas que o profesorado desempeña o seu traballo: 15 alumnas e alumnos no segundo ciclo de educación infantil, 20 na educación primaria, ESO, FP e EOI e 25 no Bacharelato. Todas estas

ratios veranse reducidas naqueles grupos que escolaricen alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o alumnado repetidor terase en conta para a conformación dos grupos.

- Unha atención á diversidade que garanta a inclusión educativa, que vele polo alumnado con necesidade específica de apoio educativo e que teña como piares fundamentais a titoría, a orientación educativa e profesional e a participación dos equipos de orientación específicos derivando así na verdadeira igualdade de oportunidades para todo o alumnado.
- Apostar por un modelo de aprendizaxe das linguas estranxeiras que parte de desdobres en grupos reducidos e con auxiliares de conversa e cun máximo de 12 alumnas e alumnos por aula, superando o actual modelo de materias con perfil bilingüe.
- Unha nova planificación da Formación Profesional que suprima os concertos educativos co ensino privado. Diversificación e garantía dunha oferta suficiente na rede pública para satisfacer a demanda existente e atender as necesidades do tecido industrial e dos sectores estratégicos da nosa economía, contribuíndo así a fomentar e a desenvolver as nosas potencialidades económicas.

- Consolidación dos equipos docentes, garantindo a máxima estabilidade nos claustros, mediante a redución do tempo en expectativa de destino.
- Xestión democrática dos centros docentes co claustro como elemento central para a organización do centro.
- Demandamos a dotación e ampliación de persoal de administración e servizos en todos os centros públicos así como persoal coidador, reforzando a atención aos centros que o precisen con figuras profesionais específicas, desde a intervención e integración social ao apoio na comunicación de alumnado con NEE ou de persoal sanitario.
- O aumento das dotacións orzamentarias para Educación até chegar ao 7% do PIB para facer fronte ás necesidade educativas de Galiza.
- A xestión integrada na Consellería de Educación de todo o relacionado co ensino público: as competencias sobre o transporte escolar, a conservación e mantemento de todas as instalacións escolares, os programas de atención ao alumnado fóra do horario escolar (actividades extraescolares, programas 'madrugadores', comedores...)
- Un Plan Integral de Mellora dos Centros Públicos, co obxecto de ampliar a actual rede e realizar as reparacións e medidas de conservación precisas nos centros actuais.
- Programa de construcción e rehabilitación de instalacións deportivas en centros escolares, fomentando a actividade formativa e de lecer para o conxunto do alumnado, así como vestuarios suficientemente dotados.
- Apertura dun amplo debate social, coa participación do profesorado, sobre a avaliación do sistema educativo e adecuación á realidade dos centros educativos do sistema de xestión de calidade.
- Estabelecer un foro de debate entre os diferentes sectores da comunidade educativa para a configuración dun calendario escolar que, tomando como referencia o máximo dos 175 días lectivos que actualmente fixa a lei estatal, propoña e aprobe os cambios e medidas necesarias para unha mellor distribución dos trimestres escolares e os períodos de descanso.
- Cobertura inmediata de todas as baixas laborais que se produzan, nomeando un ou unha docente substituta nun prazo máximo de 48 horas.

#### **Atención á diversidade: alumnado con necesidade específica de apoio educativo**

- A asignación necesaria de recursos humanos e materiais a todos os centros que así o soliciten por teren escolarizado alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- A posta en marcha das accións necesarias por parte da administración para que sexa viábel levar á práctica todas as medidas de atención á diversidade propostas na normativa que as contempla, situándonos no desexado marco da inclusión educativa.
- A dotación de profesorado, persoal e servizos especializados para atender a todas as crianzas, en especial

- aquelas con necesidades educativas garantindo unha verdadeira igualdade de oportunidades.
- A dotación suficiente de persoal coidador e profesorado de PT e de AL en todos os centros, independentemente do número de unidades que teña o centro, cando sexa preciso para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
  - A restrición das itinerancias de profesorado de PT e AL, ficando só para casos puntuais.
  - A prevención das dificultades e problemas de aprendizaxe na etapa de educación infantil dándolle o carácter educativo e fundamental que ten no eido da atención á diversidade desterrando a exclusión que sofre por parte da administración que discrimina esta etapa pola súa condición de non obligatoria e lle asigna constantemente un papel asistencial.
  - A creación dun servizo de interculturalidade na Consellería de Educación.
  - A elaboración de plans específicos de acollida de alumnado inmigrante e culturalmente diverso.
  - A priorización das particularidades dos centros educativos do rural á hora de establecer compartición de centros ou itinerancias poñendo os límites necesarios e garantindo a actuación do departamento de orientación en todos eles.
  - O cómputo das unidades de educación infantil -ou alumnado- para a existencia e dotación dos departamentos de orientación.
  - O valor da titoría como primeiro nivel de intervención na orientación educativa permitindo ao profesorado titor a liberación horaria necesaria para poder levar a cabo o traballo necesario neste eido.
  - A creación dos equipos de orientación específicos no ámbito comarcal e a garantía da cobertura de especialistas destes equipos en todos eles.
  - Que se introduzcan as modificacións necesarias nas especialidades docentes para lograr que o profesorado de PT e AL sexa recoñecido a todos os efectos, tamén retributivos, cando imparte docencia na ESO ou que Orientación se recoñeza como unha especialidade máis do corpo de mestres.

### Orientación escolar

- O establecemento, en todas as etapas educativas, de orientadoras e orientadores en función do número de alumnado.
- A actualización da rede de orientación de infantil e primaria, totalmente obsoleta, optando como prioridade polo sistema de orientación propio ou compartido e deixando as adscricións para casos puntuais.

### Xestión democrática dos centros educativos

- A mellora nas condicións nas que se desempeñan as tarefas de xestión e dirección nos centros educativos, coa adaptación da redución de horario lectivo aos cometidos propios dos diferentes cargos e responsabilidades.

- Reforzar a participación do profesorado nos consellos escolares, garantindo a redución horaria a todo o profesorado que os integre.
- Potenciar o papel do claustro como elemento central do governo pedagógico e organizativo dos centros, cunha orientación de horizontalidade na toma de decisións afastada da xerarquización e distanciamento entre as direccións e o resto do profesorado do centro.
- A elección democrática da dirección nos CIFP, eliminando a libre designación política.
- Mudar o actual sistema de selección da dirección, promovendo un modelo a dúas voltas, de tal xeito que nos centros educativos nos que haxa persoas candidatas para a dirección sería o Consello Escolar, previo informe do Claustro, o que actuaría como comisión de selección. Só no caso de que non houbase candidaturas ou que non se elixise a ningúen, a praza sería ofertada nun concurso de méritos entre todo o profesorado.
- Garantir que todo profesorado teña acceso a cursos de formación para a función directiva e promover a corresponsabilidade na xestión dos centros.
- Eliminación do requisito de ter superado o curso de dirección previamente á elección, sendo en todo caso un mérito a ter en conta e realizando a formación requirida con posterioridade.

### Gratuidade do material educativo

- A gratuidade universal dos libros de texto en todo o ensino obligatorio e na educación infantil. Extensión da gratuidade a todo o material didáctico.
- A garantía de publicar os libros de texto e materiais en galego en todas as materias e módulos profesionais.

### Comedores escolares

- O alumnado escolarizado no ensino público de Galiza terá dereito a facer uso do servizo de comedor escolar. O servizo de comedor estará atendido por persoal específico non docente, dependente da administración e coa cualificación correspondente.
- Os centros que escolaricen alumnado dos niveis educativos gratuitos e non contén con servizo de comedor realizarán as reformas e actuacións necesarias para garantir a oferta deste servizo.
- O alumnado que teña que facer uso do transporte escolar para a súa escolarización terá acceso gratuito ao comedor escolar.
- A Xunta de Galiza fixará uns prezos módicos para o resto do alumnado, co obxectivo de conseguir o acceso gratuito para todo o alumnado do ensino básico.
- Odereito do persoal docente e non docente a usar o servizo de comedor, aboando a cota establecida pola Administración.
- Unhas dietas saudábeis e elaboradas co asesoramento de persoal técnico en dietética. Incremento das cantidades

- fixadas pola Consellería para cada comensal para poder elaborar menús equilibrados e adaptados ás idades escolares. Asemade que se garanta o dereito do alumnado a ter unha dieta adaptada ás súas condicións de saúde.
- O mantemento e a xestión pública de todos os comedores actuais e futuros.

### Transporte escolar

- O transporte escolar como un servizo ao ensino que debe abranguer toda a poboación escolar, sen condicionar a xornada nin o calendario cunha planificación en función das características xeográficas, das poboacionais e das necesidades do sistema educativo.
- A elaboración dunha lei galega do transporte escolar que garanta o dereito ao transporte a todo o alumnado de ensino non universitario, especialmente nas zonas rurais que non contan con transporte público regular.
- A supresión da distancia mínima para ter dereito ao transporte escolar.
- A supresión das dobraxes e evitar os itinerarios multicentros que inciden nos horarios dos centros e poden provocar longas esperas para os usuarios e usuarias.
- A elaboración dun plan de racionalización do transporte escolar que supoña diminuír a permanencia do alumnado nos autobuses, acortar os itinerarios, garantir un servizo de transporte para a realización de actividades extraescolares e complementarias e establecer medidas de seguridade, como a existencia de zonas de embarque, refuxios e accesos adecuados.

- A supresión da función de custodiar o alumnado por parte do profesorado, dotando aos centros de persoal para custodiar o alumnado nas agardas, desde a chegada do transporte escolar até o inicio das clases e desde o remate até a saída do transporte.

### Actividades extraescolares e complementarias

- Unha oferta ampla de actividades extraescolares, finan-ciadas pola Administración, con transporte gratuito e impartidas por persoal específico e cualificado dependente da administración.
- A regulamentación e realización de actividades extraescolares, concibidas como complemento para o desenvolvemento da actividade educativa, con independencia da xornada de cada centro educativo.
- As actividades extraescolares deben estar supeditadas á programación e ao proxecto educativo do centro.
- A planificación de actividades extraescolares que poñan en valor os temas transversais do sistema educativo en especial os hábitos de vida saudables como o deporte.
- As actividades complementarias que, dentro do horario lectivo, garantan o achegamento do alumnado aos temas das datas de conmemoración marcadas no calendario escolar como o Día de Rosalía, o día Internacional da Muller, a igualdade de trato de todos os colectivos ou o día contra a violencia de xénero entre outros, apostando pola incorporación do Día da Clase Obreira Galega o 10 de marzo.

## Bibliotecas escolares

- Fixar un marco lexislativo que defina o lugar da biblioteca no marco educativo, considerándoa como un departamento máis dos que integran a estrutura organizativa do centro. Este marco lexislativo deberá contemplar tamén políticas específicas que apoiem o seu desenvolvemento.
- A suficiente redución do horario lectivo do ou da docente responsable da biblioteca para desenvolver as súas funcións, e o mesmo recoñecemento para os efectos administrativos e económicos que as xefaturas dos departamentos.
- As bibliotecas deberán contar cun fondo documental adecuado e actualizado, así como con instalacións e equipamentos apropiados ás súas funcións, cunha especial incidencia na dotación de material en lingua galega, tanto escrito como dixital, facendo da biblioteca un axente máis da necesaria galeguización do ensino.

## A educación para un mundo dixital

- Un marco lexislativo que defina o lugar das TIC no marco educativo que estableza o uso formativo e pedagóxico das mesmas de cara a implantación das TAC (Tecnoloxías da Aprendizaxe e o Coñecemento) e que trace o camiño das posibilidades que as tecnoloxías abren á educación de forma constante.
- Establecemento normativo do perfil de coordinación TIC (funcións, redución horaria, formación específica, etc),

considerándoo como un departamento máis dos que integran a estrutura organizativa do centro e contemplando políticas específicas que apoiem o seu desenvolvemento implicando elementos de coordinación metodolóxica e non só tecnoloxica.

- A presenza de persoal non docente nos centros para as tarefas relacionadas co mantemento dos equipos sen deixar esta responsabilidade nos docentes, sumado a un plan de investimentos que garanta a actualización e funcionamento eficaz dos mesmos. Na actualidade, o posto de coordinación TIC queda reducido ao posto de mantemento TIC polo elevado número de incidencias que se producen, deixando de atender á coordinación didáctica e á mellora da integración das TIC nas aulas.
- Cómpre un plan de inversíóns en mantemento informático que permita a actualización dos equipos e redes locais.
- Deberíase tender a conxugar a informatización das aulas coa existencia doutras de informática, garantindo sempre que todas e cada unha delas, de todos os niveis educativos, estean dotadas de equipamentos informáticos e puntos de conexión á Internet.
- Estabelecemento, por parte da Consellaría, dun plan de formación, dirixido a todo o profesorado para o uso das tecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento dentro do horario lectivo tentando, na medida do posible, supeditalo a proxectos de centro con profesorado que realice as funcións de mentorización e apoio aos centros que xa están a traballar nunha liña en concreto. Tamén é preciso incorporar accións propias para o alumnado sobre o

uso das tecnoloxías que a Consellería ofrece e velar pola seguridade das crianzas no uso das ferramentas tecnolóxicas.

- A redefinición completa do plan Edixgal escoitando o profesorado galego, evitando que as editoriais de *software* se fagan con todo o espazo educativo. O sistema educativo ten que promover a elaboración de materiais propios (abertos e contextualizados), que serán desenvolvidos polo propio profesorado xunto con especialistas, e non substituír un libro de texto en papel por un «libro de texto» dixital.
- Que os centros educativos teñen que ser quen de ter os seus propios programas **STEAM** (Ciencia, tecnoloxía, enxeñería, arte e matemáticas) sen estar sempre baixo a tutela das compras feitas pola propia Consellaría, para o cal precisan orzamento e autonomía para aendar os recursos e incluso a formación ás súas necesidades específicas.

# 5 A alternativa sindical na defensa dun ensino público galeguizador

*A CIG-Ensino defende:*

- » Un novo modelo lingüístico fundamentado nos seguintes obxectivos:
- » Acadar a plena normalización lingüística no ensino, cun modelo que considere o galego lingua vehicular de todo o ensino e, por tanto, que se empregue na docencia de todas as materias e niveis educativos.
- » Promover unha política lingüística que combata a discriminación que sofre a nosa lingua e camiñe cara á plena normalización.
- » Restituír o uso da nosa lingua, garantir a súa supervivencia e o seu coñecemento e uso por parte das xeracións máis novas.
- » Lograr a plena competencia de todo o alumnado, oral e escrita, en todas as linguas oficiais e reforzar a actitude de aprecio e valoración positiva da lingua propia.
- » A derogación do Decreto 79/2010 de plurilingüismo e a aprobación dunha nova normativa de normalización a partir das Bases pactadas por unha ampla representación sindical, pedagóxica, asociativa e en defensa da lingua.
- » uso de material administrativo e de documentación en galego, tanto para as comunicacóns internas como externas, orais e escritas, así como nas actividades complementarias e extraescolares, empregando o noso idioma nas relacións do centro coas institucións e coa comunidade educativa.
- » Elaborar un plan de formación para a comunidade educativa e para o conxunto do profesorado que garanta a súa competencia plena para impartir todas as materias e niveis educativos en galego e que promova unha actitude favorábel á normalización e a capacitación necesaria, cun programa específico e cursos de formación que teñan como obxectivo o coñecemento da nosa cultura, historia e situación sociolingüística de Galiza.
- » Aprobación da normativa legal, das memorias económicas e da dotação de profesorado suficiente para garantir a plena efectividade do novo modelo de normalización, sendo este un obxectivo prioritario do goberno galego.
- » Maior presenza da lingua galega nos graos universitarios que conducen ao exercicio da docencia, impartíndose en galego como mínimo o 50 % por cento das materias.
- » A impartición en galego do mestrado de profesorado, cun mínimo de 20 créditos adicados á formación sociolingüística e da cultura galega, garantindo nesta formación a conexión entre a nosa realidade e as materias de todos os currículos.
- » A realización, como mínimo, dunha proba en lingua galega en todos os procesos selectivos e de acceso á función pública, na que o profesorado terá que demostrar competencia oral e escrita.
- » Que todas as áreas teñan perfil lingüístico de impartición en lingua galega.
- » A dotación dos centros con materiais complementarios, producción videográfica, audiovisual, informática, documental, científica e de carácter comercial, gravacións e aplicacións ou ferramentas para a

formación a distancia, entre outras, así como bibliotecas con libros e material didáctico en galego aplicábel a diferentes áreas.

- » A publicación de libros de texto e de materiais en galego para todas as materias e establecemento de axudas e convocatorias de licenzas por estudos para a elaboración de material didáctico en galego. Para as materias de obrigada impartición, deberán empregarse materiais didácticos e libros en galego, e así deberá estar explicitado.
- » Garantir a impartición en galego dun mínimo do 50% dos módulos nos ciclos de grao medio e superior de FP.
- » Constitución de comisións de normalización lingüística a nivel nacional e comarcal, coa finalidade de coordinar o traballo dos equipos dos distintos centros. Estes equipos deberán contar cun coordinador ou coordinadora con dedicación horaria para este cometido.
- » A extensión dos equipos de dinamización e normalización lingüística (EDNL) a todos os centros públicos e apoio técnico para realizar as súas funcións con maiores dotacións económicas e materiais.
- » Elaboración e aplicación dun plan de normalización para o alumnado inmigrante.
- » A redución horaria para o coordinador ou coordinadora de catro horas en centros de máis de doce unidades, de cinco horas en centros de máis de vinte e redución horaria de 1 hora para os/as integrantes do equipo. Apoyo técnico para realizar as funcións propias do equipo. Reformulación das súas funcións, competencias e composición, atendendo á complexidade e ao número de alumnado matriculado.
- » Unha maior dotación económica xeral e directa para os EDNL, con criterios obxectivos e equitativos. Maior dotación de recursos didácticos e pedagóxicos ao inicio do curso escolar. Resolución da convocatoria de axudas nos 2 primeiros meses do curso.

# 6

## Un sindicato feminista que reforce a igualdade e a diversidade na loita contra o machismo

Ante unha situación social alarmante en canto a sexismo, machismo, violencia machista e lgtbiqfobia, a CIG-Ensino, como sindicato feminista, considera que se deben de tomar unha serie de medidas educativas urxentes que incidan na erradicación destas lacras. Só tratando de reverter esta situación se pode acadar unha sociedade más igualitaria e xusta.

A Administración educativa ten unha grande responsabilidade neste tema. Porén, incumpe as normas legais vixentes. Na súa condición de empregadora, está obrigada dende o 2007 a negociar un plan de igualdade para o profesorado, que constitúa un conxunto ordenado de medidas adoptadas, despois de realizar un diagnóstico de situación, tendentes a alcanzar a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e a eliminar a discriminación por razón de sexo.

Tanto na Lei orgánica 1/2004 de medidas de protección contra a violencia de xénero como a Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes establecése que a Administración educativa «adoptará medidas de protección contra a violencia de xénero», que «adoptará medidas necesarias para que se inclúa formación específica en materia de igualdade» e que «velará para que en todos

os materiais educativos se eliminen estereotipos sexistas ou discriminatorios».

Nestes mesmos aspectos redundan outras normas como o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade ou a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I.

Mostra do incumprimento das normas e do desleixo que adopta ante este tema a Consellería de Educación é, por exemplo, o feito de que trate de dar por formado o profesorado incluíndo un cuestionario obligatorio sobre legislación relacionada coa coeducación en certas actividades de formación e un curso de 20 horas para o profesorado funcionario en prácticas. Por outro lado, tanto os libros de texto como outros materiais curriculares seguen incluíndo contidos discriminatorios e excluíndo unha perspectiva de xénero.

En canto ao currículo a Consellaría de Educación perdeu a oportunidade de manter ou adaptar aos novos requisitos curriculares as materias de libre configuración Igualdade

de xénero na ESO e Coeducación para o século XXI no Bacharelato.

Ao tempo, a Consellaría segue a manter o financiamento de cinco centros privados que segregan o alumnado polo seu xénero, en cumprimento dos concertos educativos subscritos ao amparo da LOMCE após as sentenzas previas gañadas pola CIG-Ensino que obligaban a anulalos.

Se ben é certo que a Administración educativa fixo unha declaración de intencións no «I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, 2016-20», tamén o é que transcorridos varios anos, constatamos que non fai ningún seguimento sobre a súa aplicación. A Xunta elabora plans para a galería, sen contar con que para leválos a cabo é necesario dotar os centros con máis recursos humanos e económicos que permitan a súa execución. O profesorado que asume a función de coordinación de igualdade nos centros faino de xeito altruista, sen redución horaria, compensación económica ou de recoñecemento a efectos de puntuación.

#### A CIG-Ensino defende

- » Unha educación que sirva para recoñecer os diversos mecanismos, formas e procesos que continúan a afianzar os estereotipos sexistas, a discriminación e o maltrato contra as mulleres.
- » Un ensino que promova o respecto ás distintas opción sexuais e aos dereitos das persoas lesbianas, gays, transxénero, bisexuais, intersexuais, queer, asexuais e outras orientacións, expresións e identidades de xénero diversas.
- » Unha formación en todas as áreas que incida na avaliación da situación de discriminación e violencia que estamos a sufrir as mulleres e que permita artellar mecanismos para superalas.
- » Unha formación permanente do profesorado en igualdade de xénero e coeducación, fundamentais para o desenvolvimento humano. Esta formación, tanto específica como transversal, debe chegar a todo o profesorado e debe fomentar actitudes e valores que contribúan a extirpar da nosa sociedade o sexismoxo, o machismo, a lgtbiqfobia e a violencia machista.
- » A revisión do material educativo empregado de maneira que non inclúa contidos que afonden na discriminación por razón de xénero. O material curricular debe ter presentes as mulleres que ao longo da historia contribuíron ao desenvolvimento social, da ciencia e da cultura.
- » A eliminación das subvencións a centros que segregan o alumnado por xénero a partir de 2023, ano no que vencen os actuais concertos.
- » A negociación dun plan de igualdade que conteña un conxunto ordenado de medidas avaliábeis dirixidas a remover os atrancos que impiden ou dificultan a igualdade efectiva de mulleres e homes en cuestións como: a promoción profesional, as condicións de traballo, incluída a auditoría salarial entre mulleres e homes (excedencias, reducións de xornada...), a prevención do acoso sexual ou por razón de sexo así como a saúde laboral, entre outras.
- » A realización por parte da Administración de campañas de sensibilización dirixidas a profesorado e alumnado sobre esta materia.
- » A actualización dos plans de coeducación en todos os centros educativos cunha persoa coordinadora que teña os recoñecementos que lle

correspondan como tal. Estes plans deben incluír, entre outros, aspectos tan fundamentais como a promoción dunha linguaxe non sexista, a desheterosexualización da escola, a revisión do uso de espazos comúns desde unha perspectiva de xénero (tipo de xogos dominantes nos recreos, número de libros de autoras/autores na biblioteca etc). Deben incluir tamén propostas didácticas que corrixan as necesidades detectadas.

# 7

## Unha visión sindical global da educación que non deixe ningúén atrás

### Propostas xerais para todos os niveis educativos

- **Negociar un estatuto galego docente.** Consideramos imprescindíbel negociar un estatuto galego docente, no camiño de podermos contar cun marco propio de condicións de traballo do profesorado e de funcionamento do noso sistema educativo que non dependa das directrices estatais e dea todo o protagonismo ao profesorado galego e ao conxunto da nosa sociedade.
- **Incremento dos cadros de persoal en todos os centros** para poder ofrecer unha mellor atención ao alumnado e mellorar as condicións nas que impartimos docencia
- **Redución da xornada de traballo** con carácter xeral para todo o profesorado, cun máximo de 35 horas semanais, con 30 horas de dedicación ao centro cun máximo de 18 períodos lectivos de 50 minutos. Nese camiño, restitución da xornada lectiva de 21 horas pactada pola CIG-Ensino para o corpo de mestres e eliminada por Feijóo.
- Reducir a xornada laboral e lectiva para o **profesorado maior de 55 anos**, sen perda das remuneracións.
- Dotación de **profesorado de apoio**, desdobres cando sexa necesario e persoal suficiente que permita facer fronte a todas as necesidades educativas.
- Negociación duns **novos regulamentos orgánicos de centros** que melloren os actuais, con recoñecemento expreso da función docente, titorial e de coordinación e dinamización didáctica.
- **Redución da burocracia**, con dotación de suficiente persoal administrativo en todos os centros.
- Incremento das **reducións horarias sobre o horario lectivo** para todo o persoal docente en cargos de xestión (equipos directivos) e coordinación (xefaturas de departamentos, de actividades complementarias e extraescolares, responsábeis de biblioteca, coordinación de formación, titorías, coordinación e membros dos equipos de normalización e coordinación de ciclos, coordinación de TIC, programas internacionais, etc.)
- Mellorar a **atención educativa e á diversidade** coa ampliación de profesionais que permitan facer fronte a todas as necesidades educativas e combater o fracaso escolar.
- **Dotación de persoal non docente** como persoal coidador, reforzando a atención aos centros que o precisen con figuras profesionais específicas, desde a intervención e integración social ao apoio na comunicación de alumnado con NEE ou de persoal sanitario.

- **Redución das ratios de alumnado por aula** en todos os niveis educativos e tamén no caso de escolarizarse alumnado de distintos niveis educativos, con necesidades educativas ou que repiten curso.
- **Oferta suficiente de prazas escolares públicas** para todo o alumnado en todos os niveis educativos.
- **Racionalización dos programas e contidos:** programación global de todo o ciclo educativo (de 0 a 18 anos) que contemple o medio social do alumnado e procure o desenvolvemento progresivo e integral, acorde coa súa capacidade psicolóxica.
- **Desdobres obligatorios en todas as aulas de lingua estranxeira** con ratio completa, fixando unha ratio máximo de 12 alumnas e alumnos.
- **Ampliación da actual oferta de lingua portuguesa** como unha das linguas na ESO, bacharelato e formación profesional (nos ciclos formativos en que se imparten idiomas). Dotación dos centros con materiais didácticos en lingua portuguesa.

#### A defensa da escola rural

- A reestruturación da rede de centros e das zonas educativas a fin de garantir que as crianzas sexan escolarizadas no seu contorno, con servizo de transporte e comedor escolar para o alumnado que o precise.
- A urxencia dunha nova normativa para os actuais centros rurais agrupados (CRA) e a elaboración dun catálogo específico para estes centros que contemple a

dotación de especialistas e profesorado de apoio. Todos os centros de menos de tres unidades deberían ser catalogados como CRA.

- mantemento, conservación e recuperación das escolas rurais. As escolas unitarias manteranse abertas, con criterio xeral, con cinco crianzas, exceptuando aqueles centros que están afastados, que poderán permanecer abertos áinda con menor número de alumnado.
- Todas as unitarias estarán dotadas de calefacción, teléfono e acceso á internet, limpeza diaria, áreas de xogo, aseos adaptados, espazos de recreo cubertos, espazos para psicomotricidade, mobiliario, material pedagóxico e didáctico, subministro de auga potábel e luz, etc.
- Garantir que haxa máis dun ou dunha docente nas escolas unitarias se o alumnado escolarizado é superior a 15, mentres non se xeralice a nosa proposta de redución das ratios.

#### Infantil e Primaria

- A planificación e dependencia de toda a etapa de educación infantil da Consellaría de Educación, con oferta suficiente de prazas na rede pública. O segundo ciclo de infantil será obligatorio e o primeiro gratuito.
- A supresión das subvencións e concertos educativos nesta etapa educativa.
- A redución das ratios. En educación infantil, máximo 15 alumnos/as por aula. En primaria, a ratio fixarase nun máximo de 20 alumnos/as por aula, sendo esta reducida

- a 10 cando se escolarice no mesmo grupo alumnado repetidor e de diferentes niveis ou con necesidades específicas de apoio educativo.
- Atención á diversidade de todo o alumnado no logro dunha inclusión educativa efectiva garantindo as intervencións necesarias en todos os niveis educativos.
  - O horario lectivo do profesorado será, como máximo, de 18 horas lectivas. No camiño deste obxectivo, recuperación dos 21 períodos lectivos do acordo sindical asinado pola CIG-Ensino e eliminados polo goberno do PP.
  - A actualización da rede de orientación educativa coa catalogación de postos de orientación en todos os centros de EI e/ou EP de 6 ou máis unidades. Catalogarase un posto de docente especialista en atención das necesidades específicas de apoio educativo por cada 6 unidades, partindo da dotación de especialista en PT nos centros con 3 unidades de Primaria fronte as 4 unidades actuais. En centros de 12 unidades, 1 posto de PT e 1 de AL; en centros de 18 unidades, 2 postos de PT e 1 de AL, e así sucesivamente, garantido o pleno cumprimento do acordo sindical de catálogos, coa dotación destes mínimos e cun aumento progresivo en función das necesidades dos centros.
  - A dotación de persoal administrativo en todos os centros e de persoal coñecedor naqueles centros onde se escolarice alumnado de 3 anos ou con necesidades educativas especiais que o requiran.
  - Dotación de material pedagóxico e mobiliario mínimo e imprescindíbel adaptado a estas idades en todos os centros.
  - A garantía para o alumnado dos servizos complementarios e as actividades extraescolares.

### ESO e Bacharelato

- A dotación suficiente de profesorado especializado para todas as materias, co obxecto de mellorar a calidade do ensino, evitando así a impartición de afíns, incluíndo nestas os distintos ámbitos e posibilitando así reforzos e desdobres.
- Maior dotación de profesorado no centros nos que se imparta FP Básica e materiais específicos para esta modalidade, así como redución da ratio até un máximo de 10 alumnos/as.
- A redución da actual ratio a un máximo de 20 alumnos/as por aula na ESO e 25 no bacharelato. O alumnado repetidor contabilizarase para establecer os grupos dos centros e diminuirase o número de alumnado por aula no caso de escolarización de alumnado con necesidades educativas especiais.
- Unha rede de centros que conteñe unha oferta axeitada e suficiente de ensinanzas de réxime especial e de educación permanente de adultos.
- A implantación en todo o país dunha rede de servizos de comedores e transporte para o ensino obligatorio e posobrigatorio e unha política de bolsas para aqueles alumnos e alumnas que queiran cursar estudos que non se ofertan na súa zona educativa.
- Unha oferta ampla de optativas para que o alumnado poida optar en función dos seus intereses e non condi-

cionar o número de optativas que ofertan os centros a que haxa un cadre de persoal suficiente ou a un número mínimo de matriculas.

- Cadros de persoal suficientes que garantan a atención á diversidade, non ter que compartir centros nin realizar horas extraordinarias. A primeira vacante determinarase a partir de 8 horas. A segunda e sucesivas cubriríanse coa existencia de 12 horas máis, é dicir, con 20 horas. A terceira vacante con 32 e así sucesivamente. Desdobres do horario completo nas áreas en que sexa necesario.
- A catalogación de equipos interdisciplinarios de profesionais da pedagoxía, a psicopedagoxía ou a psicoloxía cada 12 unidades e dotación de persoal específico en función das necesidades de cada centro (traballadoras ou traballadores sociais, educadoras ou educadores sociais, técnicas e técnicos en integración social, persoal técnico en linguaxe de signos entre outros).
- A catalogación de postos de PT e AL en todos os centros en que se imparte ESO.
- O incremento da dotación de persoal administrativo e servizos.
- O límite da temporalidade do profesorado en expectativa, adxudicando destinos definitivos nun prazo máximo de 2 anos desde a superación do proceso selectivo
- Redución da carga burocrática nos centros educativos.
- Recoñecer a función titorial coa correspondente redución de horario lectivo do profesorado que exerza esa función.

## Formación Profesional

- A derogación da actual LOFP, polo que incide na privatización do ensino público, baixo a aplicación do concepto de «dualidade» a toda a Formación Profesional, o que na práctica supón un desvío de horas de formación ás empresas, condicionando a oferta de FP aos intereses destas, reducindo de xeito significativo os cadros de persoal nos centros públicos e incidindo na precarización e destrucción de emprego público, sen garantir a formación do alumnado en todas as competencias dos ciclos formativos.
- O establecemento dun Catálogo Galego de Estándares de Competencia profesional, que adecúe os estándares de competencias profesionais aos sistemas produtivos e ao peculiaridades propias de Galiza.
- A transferencia das competencias á Consellería de Educación para poder crear un Catálogo de Cualificacións Profesionais propio, así como tamén a preservación, como mínimo, da capacidade de configurar o 45% do currículo dos ciclos en Galiza.
- O establecemento dunha rede pública de programas de Cualificación Profesional Inicial, garantindo a súa implantación en todo o país.
- A asunción pola Xunta de Galiza de todas as competencias en materia de FP, e consecuentemente, o traspaso da Formación Profesional continua e ocupacional.
- Unha nova planificación da Formación Profesional, baseada en atender ás necesidades do tecido industrial e dos sectores estratégicos da nosa economía e contribuír

así a fomentar e a desenvolver a nosa base e potencialidade económica, garantindo unha oferta suficiente e diversificada na rede pública.

- A ordenación da oferta de ciclos formativos na rede pública, contemplando, onde haxa demanda, máis dun grupo por ciclo e localidade, atrasando a decisión de suprimir ciclos até estaren rematados todos os prazos de matrícula e garantindo os desdobres dos módulos profesionais.
- A creación dunha oferta suficiente e diversificada de FP para satisfacer a demanda existente, evitando a improvisación constante que se produce cada curso académico, poñendo en funcionamento os ciclos das familias profesionais dos que áinda non hai oferta por parte da consellaría.
- A ordenación dos ciclos formativos que deben axustarse á diversificación do territorio galego, autorizando ciclos formativos cun mínimo de 7 alumnos/as, se é necesario para o territorio e non cumple os requisitos pola dispersión xeográfica.
- A eliminación dos concertos educativos na formación profesional.
- A redución da ratio a un máximo de 20 alumnos e alumnas por aula.
- A prohibición da participación das empresas na selección e avaliación do alumnado a través do titor dual da empresa.
- A prohibición da realización de horas extra na impartición de accións formativas do subsistema de formación profesional para o emprego. Con esta finalidade, deben

computarse estas horas para fixar os cadros de persoal nos centros que teñan esa oferta.

- O establecemento dun plan de formación do profesorado, que facilite as estadías en empresas e a asistencia a cursos en períodos lectivos.
- A impartición nos centros públicos do curso de preparación para a proba de acceso aos ciclos medios e superiores.
- A supresión do actual Sistema de Calidade e a apertura dun debate, no que participe todo o profesorado, sobre o sistema de avaliación do sistema educativo onde se poida crear un sistema de calidade que cumpla a función de mellorar o ensino.
- A elaboración e aplicación dun plan de inspección da calidade da oferta formativa dos dous subsistemas de FP, coa creación dun servizo único de inspección, verificación e control.
- A supresión das enquisas de satisfacción, mentres non se proceda á súa reformulación e reorientación.
- A derogación da lexislación vixente respecto do funcionamento dos centros integrados de FP para recuperar a democracia nos centros, tendo en conta as decisións das súas traballadoras e traballadores expresadas a través do claustro de profesores e profesoras. Elección democrática das direccións. Mantemento do carácter público destes centros.
